

A CIG gaña na Xustiza: o TSXG obriga ao Estado a recoñecer o galego como mérito na Inspección de Trabajo

A CIG vén de lograr un importante triunfo xudicial fronte á política lingüística discriminatoria do Estado. A CIG interpuxo no seu día un recurso contencioso-administrativo contra a convocatoria de vinte e dous postos de traballo das Inspeccións Provinciais de Traballo e Seguridade Social de Galicia, ao non incluír entre os méritos avaliábeis o coñecemento da lingua galega. Unha exclusión totalmente incomprensible nun servizo público que atende diariamente persoas traballadoras galegas e que debería garantir os seus dereitos lingüísticos.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de darnos a razón. Na sentenza do 11 de novembro de 2024, o TSXG **estima o recurso da CIG** e declara que a convocatoria era contraria a Dereito precisamente por **excluir como mérito avaliábel o galego**, vulnerando así dereitos lingüísticos e principios básicos de igualdade e adecuación á realidade sociolingüística do país.

A sentenza obriga á Administración do Estado a **adoptar as medidas necesarias para restablecer o dereito vulnerado** e, ademais, a **publicar no BOE a anulación parcial da convocatoria (publicada 17/11/2025)**, para garantir que todas as persoas afectadas teñan coñecemento da mesma.

Desde a CIG consideramos que esta resolución evidencia, unha vez máis, o profundo desleixo do Estado en relación coa realidade galega e coa atención digna que merece o conxunto da clase traballadora. A lingua non é un adorno, é un dereito, e tamén unha ferramenta imprescindible para un servizo público que debe estar ao servizo da cidadanía.

A CIG continuará defendendo en todos os ámbitos —negociación, mobilización e vía xudicial— o uso normalizado do galego na Administración e a protección efectiva dos dereitos das traballadoras e traballadores de Galicia.

Galiza, 18 de novembro do 2025